



*Convocatoria para la contratación laboral que se indica a continuación:*

1. Número y denominación de las plazas: un chófer/una choferesa de máquina desbrozadora
2. Modalidad de contratación: contrato laboral temporal, a jornada completa
3. Duración del contrato: 6 meses
4. Sistema de selección: concurso de méritos
5. Lugar y plazo de presentación de instancias: 5 días hábiles, que se contarán desde el siguiente a la publicación de este anuncio en el BOP, en el Registro del Ayuntamiento de Entrimo o por cualquiera de los medios admitidos en derecho.
6. Exposición de las bases: el texto completo de las bases de selección está publicado en el tablón de anuncios y en la sede electrónica municipal, <http://entrimo.sedelectronica.es>. Entrimo, en la fecha de la firma electrónica. El alcalde. Fdo.: Ramón Alonso López. Documento firmado electrónicamente.

**R. 580**

## Entrimo

*Convocatoria para a contratación laboral que se indica a continuación:*

1. Número e denominación das prazas: 10 traballadores/as para desenvolver o Programa provincial de cooperación en materia de empregabilidade
2. Lugar e prazo de presentación de instancias: 5 días hábiles, que contarán desde o seguinte á publicación deste anuncio no BOP, no Rexistro do Concello de Entrimo ou por calquera dos medios admitidos en dereito.
3. Exposición das bases: o texto completo das bases de selección está publicado no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica municipal, <http://entrimo.sedelectronica.es>. Entrimo, na data da sinatura electrónica. O alcalde. Asdo.: Ramón Alonso López. Documento asinado electronicamente.

*Convocatoria para la contratación laboral que se indica a continuación:*

1. Número y denominación de las plazas: 10 trabaxadores/as para desenvolver el Programa provincial de cooperación en materia de empleabilidad
2. Lugar y plazo de presentación de instancias: 5 días hábiles, que se contarán desde el siguiente a la publicación de este anuncio en el BOP, en el Registro del Ayuntamiento de Entrimo o por cualquiera de los medios admitidos en derecho.
3. Exposición de las bases: el texto completo de las bases de selección está publicado en el tablón de anuncios del Ayuntamiento y en la sede electrónica municipal, <http://entrimo.sedelectronica.es>. Entrimo, en la fecha de la firma electrónica. El alcalde. Fdo.: Ramón Alonso López. Documento firmado electrónicamente.

**R. 581**

## A Mezquita

En cumprimento de canto dispoñen o artigo 212 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e a normativa concordante, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, exponse ao público a Conta xeral

correspondente ao exercicio 2022, por un prazo de quince días e oito máis, durante os cales as persoas que se consideren interesadas poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que crean convenientes. Á súa vez, estará á disposición dos/as interesados/as, na sede electrónica desta entidade.

A Mezquita, 6 de marzo de 2023. O alcalde.  
Asdo.: Rafael Pérez Vázquez.

*En cumplimiento de cuanto disponen el artículo 212 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, y la normativa concordante, y una vez que fue debidamente informada por la Comisión Especial de Cuentas, se exponen al público la Cuenta General correspondiente al ejercicio 2022, por un plazo de quince días y ocho más, durante los cuales las personas que se consideren interesadas podrán presentar las reclamaciones, reparos u observaciones que crean convenientes. A su vez, estará a disposición de los/as interesados/as en la sede electrónica de esta entidad.*

A Mezquita, 6 de marzo de 2023. El alcalde.  
Fdo.: Rafael Pérez Vázquez.

**R. 582**

## Ramirás

Logo de aprobar por Resolución da Alcaldía, a contratación das prazas que se xuntan a continuación, en réxime laboral temporal, ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 5 días hábiles contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP de Ourense.

Bases que rexerán a selección dun traballador chofer de tractor con rozadoira do Concello de Ramirás e creación de bolsa de traballo para o ano 2023

Primeira. Obxecto da convocatoria. O obxecto das presentes bases é regular a contratación por este concello dun traballador como chofer de tractor con rozadoira e outra maquinaria similar. A natureza do contrato será laboral temporal ao abeiro da lexislación vixente e iniciárase a prestación desde a data da sinatura do contrato ou a alta do dito contrato e cunha duración máxima de 9 meses. Os primeiros quince días serán o período de proba. A bolsa de traballo terá a mesma duración.

Formalizarase un contrato de substitución durante o proceso de selección para a súa cobertura definitiva mediante o procedemento de estabilización de emprego temporal ao abeiro do establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que aprobará a estabilización da praza de chofer tractor rozadoira (fixo discontinuo 9 meses) cuxa convocatoria foi publicada no BOP de Ourense, do 31 de decembro de 2022.

O presente contrato terá como duración ata que finalice o referido proceso de selección para a súa cobertura definitiva e como máximo de 9 meses de conformidade co disposto no artigo 15.3 do texto refundido da Lei de Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, na modificación introducida polo Real decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, a disposición adicional 4ª do Real decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo e o artigo 4 do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se



desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada.

Segunda. Réxime xurídico da convocatoria. A relación rexeráse pola lexislación laboral e principalmente será de aplicación o Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada, sen prexuízo das normas administrativas que sexan de aplicación ao persoal ao servizo das administracións públicas e especialmente ás locais.

Terceira. Horario laboral e retribucións. De luns a venres (40 horas semanais), a xornada completa, de conformidade co Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, conforme coa planificación dos traballos que para o efecto sinala a Alcaldía.

O salario é de 1.310,10 € mensuais brutos, incluídos todos os conceptos salariais e a parte proporcional das pagas extras.

#### Cuarta. Funcións

Condución do vehículo tractor rozadoira para realizar rozas tanto mecanizadas como manuais e desenvolverá todas as funcións propias deste así como o mantemento mecánico do vehículo coa realización de pequenas reparacións e conservación. Ademais, tamén lle corresponden as funcións de conservación e mantemento de toda a maquinaria municipal e material de traballo: encargarse da compra do material de traballo necesario, inspeccionar as zonas verdes do concello e coordinar o traballo que realizarán outros traballadores que poidan ser contratados para funcións de roza e limpeza así como calquera outra tarefa propia da súa categoría que lle sexa encomendada dentro das súas funcións de acordo co seu grupo profesional

Entre as funcións que lle poden ser encomendadas estarían as seguintes:

Conducir o tractor con rozadoira e outra maquinaria similar.

1. Realizar os traballos de roza e outros relacionados con tarefas de prevención de incendios.
2. Realizar os traballos de mantemento da infraestrutura viaria municipal.
3. Realizar os traballos de asistencia e apoio ao servizo de recollida de lixo.
4. Manter a maquinaria en perfecto estado de conservación.
5. Realizar as reparacións que non necesiten ir ao taller.
6. Todas aquelas do servizo e que a Alcaldía lle asigne.
7. A persoa que preste este servizo deberá ter medio de transporte persoal, para realizar as tarefas propias do cargo.

Quinta. Participación e presentación de solicitudes

Para tomar parte na convocatoria, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

Nacionalidade:

- Ter nacionalidade española
- Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea
- Ser nacional dalgún Estado no que, en virtude de tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Poderán participar, tamén, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes de españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e dos seus cónxuxes sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.
- Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co des-

empeño das súas funcións, o que se acreditará mediante certificado médico.

Idade: ser maior de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima da xubilación forzosa.

Incompatibilidade: non estar afectado por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Habilitación: non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

En caso de ser nacional doutro estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que lle impida, no seu estado, e nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Titulacións. Estar en posesión das seguintes titulacións:

Non se esixe requisito de titulación, por estar asimilado o posto de traballo ao que se refire o presente concurso a unha agrupación profesional, sen requisito de titulación

Imprescindible ter vixente o permiso de conducir clase B. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá achegarse o documento que acredite de xeito fidedigno a súa homologación.

Acreditación do coñecemento da lingua galega no nivel Celga 2 ou equivalente, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega, publicado no DOG núm. 146, do 30 de xullo de 2007. De non cumprirse, será substituído pola realización dunha proba para cumprir o artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao nivel de galego esixido.

Sexta. Documentación para presentar e prazo. Para participar nas probas selectivas, os/as aspirantes, interesados no posto de traballo, deberán cubrir a solicitude que se lles facilitará nas oficinas do Concello de Ramirás. A dita solicitude dirixiráselle ao alcalde e presentarse no Rexistro Xeral do Concello onde queren prestar servizo ou polas outras formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, durante o prazo de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas antes de seren certificadas. A documentación que se inclúa será a mesma que se se presentase a solicitude no Rexistro Xeral do Concello. Non obstante, de non presentarse no Rexistro Xeral, é necesario que os/as interesados/as, dentro do prazo de presentación, remitan un fax ao concello para avisar da presentación da solicitude por algún dos outros medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Xunto coa instancia, deberá achegarse a seguinte documentación:

1. Fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte en vigor. Ademais, os aspirantes estranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.



2. E así mesmo, os familiares dos anteriores deberán presentar ademais fotocopia cotexada dun documento que acredite esta condición.

3. Os aspirantes estranxeiros distintos dos anteriores deberán presentar ademais da fotocopia cotexada do pasaporte, a tarxeta de identidade de estranxeiro que habilita para residir en España e traballar nas prazas ofertadas.

4. Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás comunidades autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

5. Fotocopia compulsada da titulación requirida para o acceso aos postos. No seu defecto, e de ser o caso, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo; no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse certificación do Ministerio de Educación e Ciencia no que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso.

6. Fotocopia compulsada do permiso de circulación esixido, vixente, e que teña validez para poder ser utilizado en territorio nacional español.

7. Declaración de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións para levar a cabo respecto da praza á que se pretende optar. Relación de méritos que alega e documentación xustificativa orixinal ou debidamente compulsada de cada un deles. Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en todos os seus extremos no momento de presentación de instancias. Así mesmo, non se terán en conta aqueles méritos alegados e achegados con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias.

Sétima. Proceso de selección

O procedemento de selección será o concurso e farase en función do seguinte baremo de méritos:

7.1. Méritos académicos. Máximo 2 puntos.

Por cada curso de formación ou perfeccionamento impartido polas administracións públicas, universidades, INEM, formación ocupacional e outros centros oficiais, relacionados coas funcións propias do posto de traballo, ata un máximo de 2 puntos, baremados da maneira seguinte:

- Curso de ata 20 horas: 0,20 puntos.
- Curso de ata 60 horas: 0,50 puntos.
- Curso de ata 100 horas: 0,75 puntos.
- Curso de máis de 100 horas: 1,00 puntos

Non serán valoradas as certificacións expedidas por academias privadas, se non se xustifica a preceptiva homologación. De non estar sinaladas as horas nos certificados, computarase o mínimo de puntuación, como cursos de ata 20 horas. Os méritos que aleguen os interesados e que, de acordo co baremo previsto, desexen que se lles teñan en conta, acreditaranse debidamente por medio de documentos orixinais ou fotocopias cotexadas fidedignamente e indícase que non se valorarán aqueles méritos que o tribunal considere que non están suficientemente acreditados. Os méritos admisibles e valorables serán unicamente os causados ata a data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias.

7.2. Coñecemento da lingua. Máximo 0,50 puntos. Celga 3: 0,50 puntos.

7.3. Experiencia profesional. Máximo 7,00 puntos. A experiencia profesional pola realización de traballos similares ao da praza que se convoca valorarase segundo o seguinte baremo:

1. Por cada mes de traballo na Administración local, en traballos idénticos ou similares á praza á que se opta: 0,20 puntos/mes. Acreditarase mediante contratos e informe de vida laboral.

2. Por cada mes de traballo noutras administracións, en traballos idénticos ou similares á praza á que se opta: 0,10 puntos/mes. Acreditarase mediante contratos e informe de vida laboral.

3. Por cada mes de servizos prestados en traballos idénticos ou similares na empresa privada, nos últimos 5 anos: 0,05 puntos/mes. Acreditarase mediante contratos e informe de vida laboral.

4. Non se terán en conta as fraccións de mes.

7.4. Exame de coñecemento do medio: máximo 4,00 puntos. Realizarase un exame de coñecemento do medio para a avaliación de coñecementos e valoración da idoneidade para o posto de traballo. Valorarase especialmente o coñecemento do termo municipal.

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de vinte (20) preguntas tipo test.

O exercicio terá unha duración máxima de (30) minutos.

Á finalización da proba cada aspirante poderá obter copia das súas respostas. No prazo das 48 horas seguintes publicarase o contido do exercicio e o persoal coas respostas correctas no mesmo lugar en que se realizou a proba e na páxina web do Concello de Ramirás.

Corresponderalle ao tribunal determinar o número esixido de respostas correctas para alcanzar esta puntuación mínima, para o que se terá en conta que, por cada tres (3) respostas incorrectas, se descontará unha correcta.

7.5. Proba práctica: máximo 10,00 puntos

Realizarase unha proba práctica sobre o terreo, que será excluínte a xuízo do tribunal, na que se avaliará a pericia no manexo do tractor rozadoira.

Oitava. Tribunais de selección. O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes presentados/as, estará integrado por un presidente, dous vogais e un secretario e os seus respectivos suplentes, que serán nomeados polo alcalde do Concello e publicados no taboleiro de anuncios de cada Concello: todos os membros do tribunal, deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada e terán todos voz e voto, agás o secretario que non terá voto.

Segundo o recollido no art. 60 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes, e en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros e tenderase así mesmo en conta que, o persoal de elección, de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. O tribunal poderá dispor a incorporación, aos seus traballos, de asesores especialistas, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir e notificarán ao alcalde, cando concorran neles algunha das circuns-



tancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, ou realízense tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O/A presidente/a do tribunal poderá requirir aos membros deste, unha declaración expresa de non atoparse incursos en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros e será imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente) e do/a secretario/a. O tribunal actuará con suxeición ás bases da convocatoria e queda facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación. Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo ante o órgano competente conforme co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Novena. Procedemento de selección. Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, por resolución da Alcaldía aprobarase a lista de admitidos/as e excluídos/as ao procedemento, que se fixará no taboleiro de anuncios de cada concello e concederase un prazo de tres días hábiles contados dende o mesmo día ao da publicación da lista, para reclamacións, correccións de erros ou emendas que soamente poderán ser formuladas polas persoas excluídas. Así mesmo, tamén aparecerá nesa resolución a composición do tribunal cualificador. No suposto de producirse reclamacións deberá tomarse un novo acordo estimándoa ou desestimándoa e publicarse de novo a lista definitiva. No caso de non presentarse reclamacións polos aspirantes excluídos (de existir) a lista publicada terá carácter definitivo.

Por resolución da Alcaldía determinarase o lugar, a data e a hora para realizar un exame tipo test e a proba práctica, que será publicada no taboleiro de edictos da casa do concello e na páxina web. Os aspirantes serán así convocados para a realización dun exame tipo test en chamamento único, e serán excluídos da selección os que non comparezan, agás nos casos debidamente xustificadas. Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do DNI ou pasaporte. O tribunal realizará un exame tipo test e a proba práctica, e deseguido, a valoración dos méritos alegados polos/as candidatos/as, e publicarán no taboleiro de anuncios do Concello as puntuacións obtidas polos/as aspirantes. Todas as notificacións que se realicen respecto ao presente procedemento de selección, levaranse a cabo, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do Concello.

A información de carácter persoal contida nestas será posible baixo a consideración de que os/as aspirantes, coa sinatura da instancia pola que solicitan tomar parte no proceso, dan a súa autorización para que se empreguen os seus datos persoais. Para o caso de empate na puntuación final, darase preferencia á puntuación obtida dentro da experiencia profesional; de persistir o empate, á puntuación obtida na proba práctica, e a continuación á da proba tipo test.

O Tribunal, en ningún caso, poderá propoñer un número superior de aspirantes para contratar que o de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito. O ditaminado polo tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda.

Décima. Proposta e nomeamento. Valorados todos os méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, o tribunal formulará a proposta de nomeamento a favor do candidato que obtivese a maior puntuación. O Tribunal formulará a composición da bolsa de traballo. Realizarase a publicación no taboleiro de anuncios do Concello.

Undécima. Bolsa de emprego

11.1. Procedemento de chamamento.

O chamamento das persoas integrantes da bolsa de traballo, realizarase por estrita orde de clasificación definitiva. As persoas candidatas relacionadas na bolsa manteranse sempre no mesmo posto e coa mesma puntuación, agás o establecido no apartado 11.2. e 11.3 das presentes bases.

O chamamento realizarase por vía telefónica. A comunicación efectuarase segundo as seguintes fórmulas:

1ª. Chamada telefónica entre as 9:00 e as 14:00 horas

2ª. Chamada telefónica entre as 9:00 e as 14:00 horas do seguinte día hábil.

A realización dos chamamentos na forma indicada, requirirá que as persoas aspirantes facilitasen nas súas solicitudes de participación no proceso o número de teléfono; no caso de consignar máis dun número de teléfono deberá especificar a orde de preferencia. A aceptación da oferta, efectuarase por vía telefónica, antes das 12.00 horas do primeiro día hábil seguinte ao do chamamento. Logo de transcorrer o dito prazo sen que se produza a aceptación, entenderase rexeitada. En caso de urxente necesidade, as dúas chamadas telefónicas realizaranse no mesmo día entre as 9:00 e as 14:00 horas e será obrigatorio que a aceptación da oferta se realice no mesmo momento no que se produza o chamamento. En calquera caso, de non ser posible a comunicación ou de non contestar a esta no prazo indicado, pasarase ao seguinte aspirante. No expediente administrativo correspondente deberá constar dilixencia da persoa que realiza os chamamentos, na que se reflicta a data, hora/s das chamadas telefónicas, así como a resposta que se recibiu. Para a correcta localización dos candidatos, os integrantes da bolsa están obrigados a comunicar por escrito calquera variación do número de teléfono sinalado. Pola contra, quedarán ilocalizables, o que daría lugar á exclusión da bolsa. Unha vez obtida a conformidade do interesado a quen corresponda o posto, realizarase a súa contratación laboral e deixarase constancia no expediente dos cambios que como consecuencia do chamamento se produzan na correspondente lista. As persoas integrantes da bolsa que fosen contratadas para a cobertura de posibles interinidades, volverán ocupar a posición que lles correspondese nela, unha vez finalizada a súa contratación e serán chamados para posteriores contratacións, por orde de puntuación. No caso de que algún integrante da bolsa se atopa desenvolvendo un contrato de interinidade para a cobertura dun traballador desta bolsa, poderá ser informado das posibles melloras de contrato que xurdan nese período e elixir a que estimen oportuna.

11.2. Renuncia e suspensión de chamamentos. No caso de que o interesado renunciase ao contrato ou ao chamamento ou non atendese ao chamamento, pasará ao último posto da lista, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas nos que se producirá a suspensión dos posteriores chamamentos e manterase o seu posto na lista e que son:

- Estar traballando no momento de ser chamado, do que deberá achegar copia do contrato de traballo.

- Estar en situación de incapacidade temporal derivada dunha enfermidade, accidente de traballo ou baixa maternal, con comunicación da baixa, do que deberá achegar documentación acreditativa da situación.



Calquera outra causa, de entidade suficiente, que se considere oportuna a criterio da Alcaldía. Nestes casos será necesario achegar o correspondente xustificante nun prazo non superior a 5 días hábiles desde que se produce o chamamento telefónico. A non remisión do documento que acredite a xustificación das devanditas causas, suporá a cualificación de rexeitamento inxustificada e pasar ao final da lista. A suspensión dos chamamentos manterase ata que a persoa interesada comunique a súa dispoñibilidade e alegue a fin da causa que motivou a suspensión. Para tal efecto a persoa interesada deberá presentar solicitude de reposición dirixida á Alcaldía.

11.3. Exclusión. Serán causas de exclusión dun integrante da lista:

- Renuncia expresa a formar parte da lista.
  - Non presentar, dentro do prazo fixado, a aceptación do posto de traballo sen causa xustificada.
  - Non comunicar por escrito calquera variación do número de teléfono sinalado, o que dará lugar á súa ilocalización.
  - Renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo, unha vez que foi contratado.
  - Separación do servizo por sanción disciplinaria e/ou despido declarado procedente.
  - O rexeitamento sen causa xustificada dun posto de traballo en tres ocasións.
- Ramirás. A alcaldesa.  
Asdo.: Isabel Gil Álvarez.

*Después de aprobar, por Resolución de la Alcaldía, la contratación de las plazas que se adjuntan a continuación, en régimen laboral temporal, se abre el plazo de presentación de solicitudes, que será de 5 días hábiles contado desde el día siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOP de Ourense.*

*Bases que regirán la selección de un trabajador chófer de tractor con desbrozadora del Ayuntamiento de Ramirás y creación de bolsa de trabajo para el año 2023*

*Primera. Objeto de la convocatoria. El objeto de las presentes bases es regular la contratación por este ayuntamiento de un trabajador como chófer de tractor con desbrozadora y otra maquinaria similar. La naturaleza del contrato será laboral temporal al amparo de la legislación vigente e se iniciará la prestación desde la fecha de la firma del contrato o el alta de dicho contrato y con una duración máxima de 9 meses. Los primeros quince días serán el período de prueba. La bolsa de trabajo tendrá la misma duración.*

*Se formalizará un contrato de relevo durante el proceso de selección para su cobertura definitiva mediante el procedimiento de estabilización de empleo temporal al amparo de lo establecido en la Ley 20/2021, de 28 de diciembre, de Medidas Urgentes para la Reducción de la Temporalidad en el Empleo Público, que aprobará la estabilización de la plaza de chófer tractor desbrozadora (fijo discontinuo 9 meses) cuya convocatoria fue publicada en el BOP de Ourense del 31 de diciembre de 2022.*

*El presente contrato tendrá como duración hasta que finalice el referido proceso de selección para su cobertura definitiva y como máximo de 9 meses, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 15.3 del Texto Refundido de la Ley de Estatuto de los Trabajadores, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de octubre, en la modificación introducida por el Real Decreto-Ley 32/2021, de 28 de diciembre, de Medidas Urgentes para la Reforma Laboral, la garantía de la estabilidad en el empleo y la transformación del mercado de trabajo, la*

*disposición adicional 4ª del Real decreto-ley 32/2021, de 28 de diciembre, de Medidas Urgentes para la Reforma Laboral, la garantía de la estabilidad en el empleo y la transformación del mercado de trabajo y el artículo 4 del Real Decreto 2720/1998, de 18 de diciembre, por el que se desarrolla el artículo 15 del Estatuto de los Trabajadores en materia de contratos de duración determinada.*

*Segunda. Régimen jurídico de la convocatoria. La relación se regirá por la legislación laboral y principalmente será de aplicación el Real Decreto 2720/1998, de 18 de diciembre, por el que se desarrolla el artículo 15 del Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de octubre, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores, en materia de contratos de duración determinada, sin perjuicio de las normas administrativas que sean de aplicación al personal al servicio de las administraciones públicas y especialmente a las locales.*

*Tercera. Horario laboral y retribuciones. De lunes a viernes (40 horas semanales), a jornada completa, de conformidad con el Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de octubre, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores, conforme con la planificación de los trabajos que para el efecto señale la Alcaldía.*

*El salario es de 1.310,10 € mensuales brutos, incluidos todos los conceptos salariales y la parte proporcional de las pagas extras.*

*Cuarta. Funciones*

*Conducción del vehículo tractor desbrozadora para realizar desbroces tanto mecanizados como manuales y desarrollar todas las funciones propias del mismo, así como el mantenimiento mecánico del vehículo con la realización de pequeñas reparaciones y conservación. Además, también le corresponden las funciones de conservación y mantenimiento de toda la maquinaria municipal y material de trabajo, encargarse de la compra del material de trabajo necesario, inspeccionar las zonas verdes del ayuntamiento y coordinar el trabajo para realizar por otros trabajadores que puedan ser contratados para funciones de desbroce y limpieza, así como cualquier otra tarea propia de su categoría que le sea encomendada dentro de sus funciones de acuerdo con su grupo profesional*

*Entre las funciones que le pueden ser encomendadas estarían las siguientes:*

1. Conducir el tractor con desbrozadora y otra maquinaria similar.
2. Realizar los trabajos de desbroce y otros relacionados con tareas de prevención de incendios.
3. Realizar los trabajos de mantenimiento de la infraestructura viaria municipal.
4. Realizar los trabajos de asistencia y apoyo al servicio de recogida de basura.
5. Mantener la maquinaria en perfecto estado de conservación.
6. Realizar las reparaciones que no necesiten ir al taller.
7. Todas aquellas del servicio y que la Alcaldía le asigne.
8. La persona que preste este servicio deberá tener medio de transporte personal, para realizar las tareas propias del cargo.

*Quinta. Participación y presentación de solicitudes*

*Para tomar parte en la convocatoria, los aspirantes deberán reunir los siguientes requisitos:*

*Nacionalidad:*

- Tener nacionalidad española
- Ser nacional de alguno de los estados miembros de la Unión Europea